


Santo Estevo do Ermo



Como chegar:

Dende o centro urbán de San Cosme, toma o desvío sinalizado. A 1,5Km atoparás o acceso para o que deberás tomar unha pista de terra. Podes deixar aquí o coche e baixar a pé (1,3Km). Tamén é posible acceder en vehículo ata a contorna do lugar para o que existe unha entrada e unha saída diferenciadas.

Coordenadas punto de acceso:

43.533455, -7.238571

Coordenadas do lugar:


43.523454, -7.236839

Unha experiencia cos cinco sentidos

Esta fraga constitúe un **reduto de bosque autóctono**, orgullosa pegada de **biodiversidade, arquitectura, lendas e historia**.

Un lugar que invita a sentirse vivo lonxe da rutina diaria.

A súa visita require de silencio, serenidade e un profundo respecto pola natureza.



Antes de comezar a visita, pregamos leas o seguinte:

- Percorrido na fraga: aprox. 1Km. con escaleiras, zonas embarradas e pedregosas.
- Utiliza calzado e roupa axeitada para facer sendeirismo.
- Procura que a única pegada que deixas atrás sexa a das túas pisadas.
- Non saias dos sendeiros marcados.
- Respeta os elementos do patrimonio natural e cultural evitando danalos.
- Se levas can manteno atado e controlado en todo momento.
- Permítete gozar dos sons da natureza, mantén o silencio.

- Moitas grazas pola túa colaboración -



Comezaremos o noso percorrido a este máxico e tranquilo espazo **no atrio da capela de Santo Estevo do Ermo**, de orixes milenarias.


A edificación actual data do século XVIII, froito do seu traslado a este lugar dende un pouco máis arriba, onde aínda se conservan os restos da primitiva igrexa xunto cos do antigo cemiterio parroquial.


As noticias que temos da súa existencia remóntanse polo menos ao século IX.

Por detrás da capela atoparás o sendeiro, ao carón do río, que te leva cara á fervenza.

De camiño, adentraraste nesta fraga que serve de refuxio para numerosas especies moi sensibles. **Aquí escóndese un sorprendente bosque autóctono** de carballos, castiñeiros, acivros, bidueiros, abeleiras ou loureiros, entre outros.

De especial interese ambiental é a presenza de fentos relictos do terciario, así como o falcón peregrino, a píntega rabilonga, ou as diferentes especies de morcegos.






Axiña chegarás á ferverza

É aquí onde se fai realidade a coñecida cita de George Santayana:

"A natureza ten música para os que escoitan"



A continuación, subirémolas escaleiras e colleremos á esquerda, cara a un **miradoiro** dende onde poderemos contemplar tanto a ferverza como a paraxe natural dende outra perspectiva.

Regresando sobre os nosos pasos, seguimos subindo para ir na procura da **ferradura do cabalo de Santiago** marcada nunha das pedras do camiño. Conta a lenda que cando o Apóstolo Santiago fuxía dos mouros (seres mitolóxicos), o seu cabalo deu un salto de máis de 200 metros dende a pena de enfronte ata este punto, librándose así deles.

Seguiremos o camiño sobre rochas ata cruzar unha ponte e, uns metros máis adiante as pólas das abeleiras adornadas con panos indicaranos que alcanzamos a **fonte de Santa Rosa** á cal se lle atribúen propiedades de curación para doenzas da pel. Tralo ritual de sanación o pano utilizado átase a unha póla en sinal de testimonio e ofrenda.

Este lugar forma parte de tradicións ancestrais. Por favor, **evita deixar o teu recordo.** Non contribúas a banalizar a nosa historia.



Regresaremos sobre os nosos pasos e, desfacendo parte do camiño, seguiremos sempre de fronte, deixando á nosa dereita as escaleiras que soben da ferverza.

Axiña chegaremos á **fonte de Augas Santas**. Manancial de augas ferruxinosas de propiedades medicinais utilizado ata non hai tanto tempo por xentes de toda A Mariña.

*Potabilidade da auga non contrastada.

Un pouco máis abaixo á man esquerda atopamos o lugar onde se asentaba a **primitiva igrexa** e o **vello cemiterio**, lugar sagrado nalgún tempo e de obrigado respecto hoxe en día.

Agora só queda baixar a costa que nos levará de volta á capela actual construída coa pedra da anterior.



Oficina Municipal de Turismo

Centro Sociocultural San Cosme de Barreiros
Tlf.: 982 134 400
www.concellodebarreiros.gal
www.barreirosturismo.gal

